

Narrativa

No medio do camiño había unha flor

Thayane Gaspar Jorge

É curioso como na historia de amor de Nuno e Coralina houbo unha serie de traizóns. Algunhas bonitas, polas que suspiramos, outras terríbeis que van facer que ti, lector, enterres o rostro na almofada ao pechar o libro. Hai as traizóns imprevisíbeis, as que fan con que desexemos que o actor quede coa actriz, cando na verdade non hai actores e actrices: todos eles son reais aquí nestas follas. A peor traizón é a que aconteceu con ela.

Lector, decatácheste das cores do seu vestido? Eran laranxas e azuis. Non eran as súas favoritas. A ela gustábanlle mesmo os xirasoles e as margaridas. Sempre admirou as cousas amarelas, ladras da cor do sol. Nunca entendín moi ben esta relación dela co astro rei. Tiña os cabelos negros como a noite e a face pálida. Sempre pensei que se tivese que escoller un dos rexentes das vinte e catro horas, ela escollería a lúa.

Coralina tiña un xardín dentro dela, unha natureza de seu. Non coma un invernoiro, porque a vida interior dela non era artificial; mais penso que ela era só un grande campo de moitas hectáreas e chan fértil que florece a cada minuto, como se fose gobernada polas forzas pagás. Ela costumaba recitar unha frase para sustentar a súa misticidade característica;

unha frase que escoitara dunha profesora había moito, moito, moito tempo: «Se os astros influencian toda unha colleita, por que eles non influenciarían a nosa vida?». Ela era esa colleita sensíbel ao ceo, cuxo único motivo de encontrarse no chan era porque a vista das estrelas era mellor desde alí. Sempre pensou que as flores eran as estrelas do chan.

Un día, Coralina saíu dun restaurante na rúa A Raiña mentres a luz do sol a acompañaba; perto da Quintana a choiva regou o seu corpo e o vento sacudiu o pole das flores e as sementes dentro dos froitos das árbores. Abrollou unha Margarida no pé de Coralina. Nuno nin sabía o nome daquela flor. Coralina tiña moito coidado para non pisala. Nuno só entendía do concreto; Coralina só coñecía das cousas o afecto. Nuno mandou cortala. Coralina sentiu na flor a súa dor de cando as cousas perduran onde non deben. Deixou aquela florciña alí, entre os seus dedos, entre as súas veas, moi perto do chan, o seu único contacto coa realidade. A flor, de pura maldade, fíxoo tropezar; e Nuno recusou axudala a se erguer.

Coralina debía sentir o que aquel tropezón significaba: Lugh e Rhiannon pedían que ela ollase para baixo por primeira vez. E ela fíxoo.

Que as bolboretas coman os seus pétalos.